

Aprendendo xuntas, unhas persoas con outras. Aprendizaxe-Servizo no barrio de Congrés Indians.



Centro educativo e lugar:

Escola Arrels e centro de educación especial Sants Innocents

barrio de Congrés Indians, distrito de Sant Andreu, Barcelona.

Data de realización:

Curso 2018-2019

Persoas de contacto:

Pilar Cuesta e Carol Luján

Datos de contacto:

cuestap@escola-arrels.cat e
clujan@xtec.cat

Contexto do centro, nivel educativo e perfil do alumnado:

A Renda Familiar Dispoñible (RFD) do barrio de Congrés Indians en 2017 rexistra un índice de 70,1 a respecto da media da cidade de Barcelona. Cómpre sinalar tamén que o distrito de Sant Andreu é o segundo con menor renda per cápita da cidade e que todos os barrios deste distrito quedan claramente por debaixo da media de Barcelona.

En canto ao nivel de estudos da poboación son de interese estes datos: entre 2017 e 2018 baixou algo máis dun punto a taxa de persoas sen estudos ou só con estudos primarios (do 24,4% ao 23,25%) mentres que subiu un punto a de persoas con nivel de estudos universitarios (do 21,8% ao 22,8%).



A nivel demográfico, o barrio ten unha taxa de envellecemento maior ca a media da cidade (un 23,3% da súa poboación). Deste colectivo de persoas, máis do 30% vive soa.

A súa poboación migrante está por debaixo da media, destacando como países de orixe China e Bolivia.

Este é o contexto e as principais circunstancias que motivaron a realización, hai 5 anos, dun proxecto de barrio, que tiña como obxectivo pór en contacto e facilitar as relacións de persoas moi pouco interconectadas: persoas maiores do barrio, alumnado de 4.º da ESO e alumnado con necesidades educativas especiais.

Participaron nesta experiencia dúas escolas, a escola Arrels e a escola de educación especial Sants Inocentes, e dous casales de barrio, o casal de xente maior La Palmera e o casal de barrio Congrés Indians. Acompañou e asesorou o proceso a ONGD InteRed Catalunya. Persoas que realizaron o proxecto: 80 alumnos/as, 12 mestres/as, 27 persoas maiores dos casais, 3 persoas técnicas e 3 persoas voluntarias.

Breve descripción da experiencia

En qué consistiu?

Partimos da idea da desconexión existente entre a cidadanía actual e máis cando falamos dalgúns grupos da poboación como a mocidade, as persoas maiores e a mocidade con necesidades educativas especiais. Todo isto como consecuencia dunha sociedade marcada por un forte individualismo, na que os colectivos se centran en si mesmos e na que os coidados das persoas que máis os precisan deixan de ser unha prioridade.

Observada a desconexión coma un reto, principalmente o que desexamos traballar nesta ApS foi contribuír a xerar espazos de cohesión social no barrio, lograr algúns vínculos entre diferentes colectivos propiciando o achegamento entre grupos humanos moi diversos. Concretamente, este proxecto de



aprendizaxe puxo en interrelación a un grupo de alumnado de 4.º da ESO con dous colectivos vulnerables. Por unha banda, persoas maiores marcadas decote pola soidade e pola falta de recoñecemento das súas experiencias vitais, moitas veces invisibilizadas e infravaloradas. Por outra, persoas que, pola súa diversidade funcional, teñen dificultades para inserirse socialmente. O principio bidireccional deste proxecto permitiu romper barreiras e pór en valor as experiencias vitais dos diferentes colectivos, todas valiosas e con algo que achegar.

O proxecto favoreceu un proceso socioeducativo integral aplicando unha metodoloxía de Aprendizaxe-Servizo que facilitou a articulación entre o coñecemento aprendido e o compromiso social. Deste xeito, foise incrementando a calidade educativa desde unha concepción pedagóxica que une o currículo co compromiso participativo e a achega solidaria ao desenvolvemento local, co obxectivo de favorecer a cohesión social no barrio de Congrés Indians de Barcelona.

Que nos propuñamos?



O proxecto educativo tiña uns obxectivos claros:

- Contribuír a mellorar o coñecemento, entre os veciños e veciñas do barrio, das causas estruturais que provocan desigualdades e exclusión.
- Favorecer a inclusión social e as relacións entre os diferentes colectivos do barrio, cambiando para isto as actitudes e os comportamentos que a impiden.
- Promover unha cidadanía crítica, responsable, solidaria e activa na defensa dos dereitos humanos, tendo en conta a transferencia de saberes entre os grupos demográficos participantes.
- Fomentar a implicación da mocidade no coidado dos bens comúns, o consumo responsable e o medio ambiente a partir da horta urbana da escola.
- Recuperar usos e costumes da agricultura ecolóxica e ver posibles alternativas de cultivo e consumo.

Que fixemoS e Como o fixemoS?

A experiencia desenvólvese en tres etapas: a primeira de planificación e asesoramento ao profesorado, a segunda de aprendizaxe e a terceira de servizo. A última fase é a que potenciou a interrelación entre os e as protagonistas, a partir de metodoloxías bidireccionais, activas e con dinámicas participativas interxeracionais e interculturais.

- **Fase de planificación, seguimento e avaliación.** A planificación require unha formación previa das persoas que participan no proxecto sobre o que é e o que supón a Aprendizaxe-Servizo; nesta fase cómpre destacar a toma de decisións cunha ampla participación e o seguimento e a avaliación continua da experiencia. A implicación do alumnado e as súas opinións son tidas moi en conta porque eles son os auténticos protagonistas dalgúns dos servizos.
- **Fase de aprendizaxe.** Nesta etapa, o alumnado desenvólve e adquire unha serie de coñecementos a través do programa das súas materias sobre coidado da vida, medio ambiente, participación ou xénero. O alumnado adquire tamén coñecementos sobre as necesidades do barrio, pondo especial atención nas persoas máis vulnerables: persoas maiores, persoas migradas, persoas con diversidade funcional e a memoria histórica destes colectivos. Na materia de matemáticas realízanse investigacións e estudos analíticos sobre algúns destes temas como parte da aprendizaxe.
- **Fase de servizo.** Nela, realízase a execución do servizo cunha metodoloxía bidireccional entre mozos e mozas de 4.º da ESO, persoas maiores e mozos/as con diversidade funcional. A fase de servizo consta de catro sesións por grupo, máis unha sesión de presentación. .

Co alumnado da escola especial Sants Innocents, lévanse a cabo experiencias de coidado da horta. Este alumnado tamén participa e recibe formación sobre programas de edición informática na escola Arrels. Nas sesións compartidas do alumnado dunha e doutra escola trabállanse valores, entre outros, o recoñecemento da diversidade, o desenvolvemento das capacidades individuais, as habilidades sociais, o respecto, a axuda, a empatía, a cooperación, a solidariedade, a inclusión, o respecto da natureza e o compromiso co coidado da contorna.



No casal La Palmera e no casal Congr s Indians real zanse diferentes sesi ns que promoven o intercambio xeracional, o respecto, a axuda, a empat a e a cooperaci n a partir de xogos, danza, coci a, uso de aplicaci ns dos tel fonos m biles e memoria hist rica. Estas actividades permiten constr ir pontes entre d as realidades xeracionais diferentes, pondo en contacto a uns con outros, a trav s de experiencias intencionadas e organizadas coa participaci n de todas as persoas implicadas.

Por  ltimo, realizouse un acto de peche, de celebraci n: un encontro entre todas as persoas que formaron parte da experiencia, no que cada unha compartiu as aprendizaxes e se reco ceron mutuamente como veci os e veci as.

Que logros conSeguimos?

A transformaci n de actitudes e comportamentos en prol de valores como a sensibilidade sobre as desigualdades ou a diversidade social, que se deron ao longo das diversas fases do proxecto, levaron   mobilizaci n dos colectivos participantes. A proposta de servizo propiciou un intercambio humano que,   vez, implicou a loita responsable contra as vulneraci ns e o apoderamento de todos os colectivos para poder facer efectivos os seus dereitos de participaci n. Logrouse no alumnado o desenvolvemento das competencias sociais e conseguiuase que o profesorado se comprometese a executar outro proxecto de Aprendizaxe-Servizo para o curso seguinte.

Os principais axentes protagonistas do proxecto est n actualmente interrelacionados no eido comunitario, o que implica unha serie de v nculos que facilitar n no futuro novas actividades e propostas.

Como afirmou o alumnado participante, a experiencia resultou moi enriquecedora observando a xente maior participando, aprendendo e ofrecendo os seus valores persoais. A mocidade aprendeu moito, mais tam n deron moito, m is do que imaxinaban nun principio. En palabras dunha das alumnas da escola Arrels: "A idade   un n mero. Aprend n moito e comecei a ter presente que os lazos coas persoas maiores son m is intensos do que pensaba".

Por  ltimo, puidemos desterrar os estereotipos que pesan sobre os colectivos sociais que participaron na experiencia, achegando uns a outros as diversas realidades.



Que elementos da estrutura escolar e do contexto foron un apoio para conseguir os logros?

As boas relacións existentes entre os axentes protagonistas da ApS favoreceron a planificación, coordinación e seguimento da intervención.

Os centros cívicos municipais, ao igual caos centros das persoas maiores, teñen horarios diferentes ao dos centros escolares. O axuste dos tempos aos intereses de todas e todos foi un reto que se solucionou mediante a cesión duns e doutros.

Un gran apoio foi a boa predisposición de todos os axentes implicados, así como a súa adaptabilidade ás situacións que o requirían.

Que aprendizaxes e retos extraemos?

Destacamos as seguintes aprendizaxes:

- A importancia que ten a apropiación de enfoques e contidos e a implicación do profesorado durante a fase de aprendizaxe.
- O acompañamento do proceso por parte do profesorado permite multiplicar os efectos da ApS, vinculando contidos do currículo coas experiencias da fase de servizo.
- Cómpre dar un maior protagonismo na configuración da proposta de ApS ás persoas que van realizar o proxecto.
- Destacamos favorablemente o papel desempeñado polo profesorado e o equipo técnico na comunicación e motivación do proxecto.

Retos que observamos

- Implicar o alumnado en accións de sensibilización cara ao resto da escola.
- Favorecer dinámicas que permitan establecer un ambiente de coñecemento e confianza, introducindo a ludopedagogía.
- Apropiarnos do enfoque da Educación Transformadora para a Cidadanía Global.



Persoas ou organizacións que participaron na preparación e execución da experiencia



En primeiro lugar, no eido educativo, participaron dúas escolas. A escola Arrels, con 6 profesores/as, unha profesora coordinadora e 60 mozos/as de 4.º da ESO. A escola especial Sants Innocents, con 4 profesoras, unha profesora coordinadora e 20 alumnos/as.

En segundo lugar, como espazos municipais, participaron dous centros de maiores. O casal Congrés Indians, cunha persoa coordinadora e 14 persoas maiores que asistiron ás actividades programadas. O casal La Palmera, cunha persoa coordinadora e 13 persoas maiores que asistiron ás actividades deste proxecto.

E, por último, InteRed Catalunya, que participou con 2 persoas técnicas dinamizadoras e 3 persoas voluntarias que interviñeron en diferentes etapas da experiencia.

Recursos ou materiais de apoio/referencia



Video da experiencia:

<https://www.youtube.com/watch?v=sb5bGoX-zyl>

Material fotográfico:

Rubio, Laura i Lucchetti, Laura (2016). *APS pau, drets humans i solidaritat. Noves propostes d'educació per a la justícia global*. Barcelona. Fundació Jaume Bofill. Centre Promotor d'Aprenentatge Servei. www.aprenentatgeservei.org

Recurso educativo:

<https://kahoot.com/>